

RENACEMENTO - CINQUECENTO



EDIFICIO: **O ESCORIAL**

ESTILO: Renacemento España

AUTOR: **JUAN BAUTISTA DE TOLEDO e JUAN DE HERRERA**

CRONOLOXÍA: 1563-1584

LOCALIZACIÓN: San Lourenzo do Escorial (Madrid)



CONTEXTO: RENACEMENTO ESPAÑOL

Os reis de España eran no S.XVI os máis poderosos de Europa e serán algúns dos máis importantes mecenas da Historia da Arte. Terán un afán centralizador do poder do Imperio por un lado, e da unión Igrexa-Estado fronte ao perigo protestante por outro. Con Carlos V e Felipe II haberá un estado de guerra case permanente. A España de Felipe II terá que facer fronte ás guerras exteriores (guerra contra Francia, contra Inglaterra →a Armada Invencible-, guerra nos Países Baixos) que desangran humana e economicamente o país. No interior imponse o oscurantismo, o peche cultural dentro da firme defensa dos ideais da Contrarreforma cunha relixiosidade baseada na emoción e tamén na represión e o medo á Inquisición. A Igrexa acrecentará o seu poder sobre todo despois do Concilio de Trento.

Felipe II sobre todo, fanático e intolerante, converteuse no máis celoso defensor dos ideais da Contrarreforma (consideraba a relixión como un tema de Estado, e con el a Inquisición acadou o seu maior poder). Durante o seu reinado a arte e a literatura floreceron, pero dentro dos rigorosos preceptos da Contrarreforma e intolerancia relixiosa. A vida na Corte do rei Felipe II era envarada e solemne. Todo estaba regulado por estritas normas que prescribían quen debía axeonllarse ante o rei, e mesmo quen podía ter posto o sombreiro na súa presenza, en que orde se serviría a comida na mesa e como se situaban os nobres ao asistir a misa.

En España, como no resto de Europa, foise xestando o Humanismo, que acadou o seu esplendor a finais do S.XV. A arquitectura renacentista española estivo estritamente unida á figura dos monarcas, á Igrexa e aos nobres, os grandes mecenas da época. O Renacemento español dividiuse en dous grandes períodos: o primeiro Renacemento ou Plateresco (1500-1530), caracterizado por unha mestura de elementos medievais e renacentistas, cunha gran profusión de elementos decorativos, e o Clasicismo (1530-1563), con formas máis severas, un Cinquecento tardío, período no que se enmarca a presente obra. O Clasicismo estivo fortemente relacionado cos reis Austrias do S.XVI, Carlos I e Felipe II. Estes monarcas decantáronse por solucións arquitectónicas máis severas, máis acordes coa cultura e a arte italianas, alonxadas do gusto gotizante do Plateresco. Tratouse dun estilo contemporáneo ao Manierismo que se desenvolvía entón no resto de Europa.

ANÁLISE E COMENTARIO

Ao igual que o arquitecto Pedro Machuca (autor do Palacio de Carlos I na Alhambra), Juan de Herrera viaxou a Italia. Foi un gran humanista que coñeceu os tratados arquitectónicos de autores como

Serlio, Vignola ou Vitrubio. Herrera foi o creador dun estilo propio, baseado na falta total de ornamentación nos paramentos, a proporción matemática entre os elementos e o emprego da orde xigante nas columnas. Por isto a arquitectura do último terzo do S.XVI coñécese co nome de Herreriana ou Escorialense. O mosteiro de San Lourenzo do Escorial foi o proxecto máis importante levado a cabo por Felipe II. O Escorial concebíuse como panteón real, palacio e mosteiro, rexido polos monxes xerónimos. Felipe II quixo tamén que fose un centro de cultura, polo que reuniu e depositou nel manuscritos árabes, códices gregos, pergameos medievais, incunables, aloxados na súa rica biblioteca. O edificio adopta no seu conxunto a forma dunha “parrilla”, alusión ao martirio de San Lourenzo.

Breve historia: o 10 de agosto de 1557, festividade de San Lourenzo, Felipe II venceu aos franceses na batalla de San Quintín, a primeira vitoria militar do seu reinado. Catro anos despois fixaba a capital do reino en Madrid, rematando así co carácter itinerante da Corte, e elixía un lugar próximo para levantar nel un palacio de descanso que tería que ser tamén templo, mosteiro e panteón real. A serra de Guadarrama ofrecía condicións ventaxosas para o seu emprazamento: estaba situada estratexicamente no centro da Península, cerca e á vez lonxe da Corte madrileña, gozaba de clima saudable e contaba nos arredores con abundantes mananciais, bosques e canteiras. A elección dos xerónimos para atender a liturxia diaria e os rituais polos monarcas defuntos foi debido ao esplendor que outorgaban ao culto divino, pasando os seus frades un mínimo de oito horas diarias rezando no coro. O estilo que mellor se adecuaba a estas pretensións solemnes era a rixidez xeométrica e a austeridade ornamental que Bramante introducirá na cultura arquitectónica romana.

O rei encomendoulle o proxecto inicial a Juan Bautista de Toledo, quen faleceu comezadas as obras. Iso levou a que Juan de Herrera se fixese cargo das mesmas, adaptando o proxecto orixinal a unha obra máis sobria e serea. Porén o rei participou activamente na súa concepción, sendo quen toma decisión como rexeitar todo elemento ornamental e promove a súa función múltiple e o seu carácter singular ao levantar un edificio que fose palacio (lugar para vivir), igrexa-convento (rezar) e panteón (lugar onde ser enterrado). É fundamental o significado propagandístico de amosar a grandeza da monarquía hispánica e a vinculación entre poder temporal e espiritual. Para Herrera o cubo representa na orde dos volumes o que o cadrado no da superficie: simboliza a terra e o mundo material na súa faceta de estabilidade inmutable. Desde o punto de vista místico é imaxe da sabedoría, da verdade e da perfección moral. Unido á esfera representa a totalidade de finita e infinita, celeste e terrea. Non sorprende que a estrutura arquitectónica e volumétrica do Escorial é unha combinación de varios cubos.

Planta. O edificio concíbese con gran rigor xeométrico. Trátase dun rectángulo (200 m x 100 m) que se divide en cuadrículas ou retículas, xerando unha forma simbólica de grella, instrumento de martirio de San Lorenzo. Dentro deste gran conxunto lonxitudinalmente distínguense tres tramos:

1. Eixe central: fachada principal, Patio dos Reis, Igrexa e remata nas estacias privadas do rei.
2. Flanco Norte. Constituído polo palacio público para a Corte e as dependencias do seminario e colexio universitario, con forma de cruz en cuxo centro aparece unha torre chapitelada (en forma piramidal), que xeran catro patios ou *patios chicos* (aspecto que reflicte a simetría).
3. Flanco Sur: gran patio ou claustro dos Evanxelistas e o convento de novo con forma de cruz con torre chapitelada que xeran catro claustros (*Patios Chicos*). É a repetición do esquema, do ritmo.

Exterior. O que chama a atención neste edificio é o exterior do conxunto, austero, sólido, hermético e ata impenetrable. A sensación é de macizo, de predominio das liñas horizontais: sucesión monótona de centos de xanelas, sucesión de bufardas ou as pequenas cornixas que dividen en dúas metades a fachada e a gran cornixa que remata o corpo superior. Este predominio do horizontal só se atenúa polas catro torres cadradas rematadas en chapiteis, aínda que aparecen de novo cornixas horizontais que dividen o corpo cadrado das torres situadas nos ángulos, e a cúpula da igrexa. Xunto co rigor na simetría, outra característica é a rixida severidade e austeridade decorativa con ausencia case total do ornamental e cun predominio do muro. Esta austeridade rómpese na fachada principal coa aparición de tres portas rematadas con frontóns que sobresaen do tellado. A porta central componse de dous corpos

con columnas de orde xigante e remate de frontón. A fachada de granito álzase como un inmenso muro sen ornamentación, rematando en dúas torres nos extremos, pero sen sobresaír do conxunto. As xanelas non presentan nin molduras nin cornixa, dispoñendo na entrada oito pilastras dóricas que sosteñen un corpo máis pequeno con catro pilastras e un frontón. Dentro da case inexistencia da decoración, destacan polo seu éxito posterior os chapiteis da torres e as bólas de granito. Tívoise en conta que o construtivo non debe quedar enmascarado por nada decorativo, pero feito dun xeito esaxerado, manierista.

Interior. A igrexa é o punto neurálxico do Escorial, inspirada no proxecto de Bramante para a basílica de San Pedro do Vaticano. Pasada a entrada, un patio dá acceso á igrexa, cuxa fachada segue as mesmas premisas, ao igual que sucede co palacio real. A única decoración escultórica son seis figuras (os reis de Israel), sobre altos pedestais enriba do entaboamento. A igrexa álzase no centro do conxunto, como eixe coordinador das demais dependencias, sendo o auténtico centro simbólico e espiritual. Ten planta centralizada de cruz grega, con brazos cubertos por bóveda de canón e no cruceiro unha gran cúpula sobre pendentes sostida por grandes piares. O presbiterio está elevado sobre unha escalinata para albergar debaixo o Panteón Real e aos seus lados atópanse os monumentos funerarios de Carlos I e Felipe II. Aos pés do templo dispónse un vestíbulo sobre o que se sitúa o coro de monxes. A decoración está ausente, como en todo o edificio. O palacio do monarca sitúase detrás de igrexa e ao mesmo nivel, así Felipe II podía seguir a misa desde os seus aposentos privados. A súa principal característica é a total ausencia de ostentación, sublimando o carácter espiritual e a austeridade do soberano español.

Claustro dos Evanxelistas. Ten dobre galería, con arquerías do medio punto, separadas entre si por columnas dóricas no piso inferior e xónicas no superior. Remata unha balaustrada na que aparecen como elemento decorativo as bólas de granito. O trazado do xardín simboliza o Edén, e o aspecto de simetría, proporción e rigor queda interrompido polo templete ou fonte dos Evanxelistas que se atopa no centro, inspirada en Bramante.

As **cubertas** dos edificios seguen a tradición flamenga de chapiteis (elementos arquitectónicos coñecidos tamén como agullas, que rematan as torres) de lousa, moi característicos da arquitectura madrileña posterior.

CONCLUSIÓN

No último terzo do S.XVI, baixo o reinado de Felipe II, o Clasicismo chegou ao seu esplendor. Estes anos coinciden coa Contrarreforma e a influencia da Inquisición. Esta etapa é coñecida como Herreriana ou Escorialense, e estivo impulsada por Juan de Herrera e a súa gran obra, o mosteiro de San Lourenzo do Escorial, a máxima representación arquitectónica do Clasicismo renacentista español. Neste monumento observamos todas as características do mencionado estilo *herreriano*, como a desnudez decorativa dos muros, a austeridade, o emprego da orde xigante nas columnas, e a aplicación das proporcións matemáticas nos elementos construtivos, entrando en características do Manierismo. O tamaño das columnas empequenecen ao home, de xeito que non parece un edificio concibido a escala humana.

Dentro do ambiente da Contrarreforma, o home optimista que fora o eixe do Renacemento percibe a súa pequenez ante Deus; é un ser, independentemente da súa categoría social, cuxo destino é a morte, feito que queda patente no simbolismo do Panteón. O home debe prepararse para ese fin mediante a piedade e a oración (igrexa e convento). É un edificio propagandístico que simboliza a unión entre a Monarquía e a Igrexa, e Felipe II aparece como o todopoderoso monarca e brazo da Contrarreforma fronte ao avance dos protestantes en Europa.

Influiría noutros edificios españois da época, como o Colexio do Cardeal en Monforte, en moitas construcións barrocas posteriores ou, mesmamente, na arquitectura franquista de posguerra do S.XX (Ministerio do Aire, Madrid).

